

Nun limbo luminoso surge o bardo adiviño,
envolveito en brancuras recedentes de liño,
5 ollos gazos, profundos, longa barba frorida,
cingue a fronte coas hedras da coroa druida
e na man , que reloce como un lirio bendito,
ten a fouce de ouro do litúrxico rito;
a fouce segadora da mandragora, ó raio
10 de feitizo a agoiro dos luares de maio.

É Merlín o profeta, o celta armoricán,
dos silfos e das lumias ollando por irmán,
sabidor dos encantos e máxicos conxuros,
15 das virtudes das herbas edos fados escuros,
que nos cracos dos bosques e baixíos costeiros
deprendeu o diviño linguaxe dos luceiros;
o bardo das idades, o da segreda cencia
que a terra fizo súa, impóndolle obediencia
20 ás ágoras da riadas, ós rochedos do cume,
ás nubes da tormenta, á ardentía do lume.

Impoñente, amostrando nativa maxestade,
na miradaun sereo cracor de eternidade,
25 ten ós pés -cruz de ouro, folla núa afiada-,
sobre un manto de neve unha fúlxada espada.
Aceiro puro e virxe das entrañas da terra,
cos lumes sideraes das estrelas en guerra
nas fragas treboantes dos lóstregos forxado,
30 que no dolmen batido e no Xordán temprado,
foille dado a unha raza de homes sans e valentes,
cabeceira de pobos, guiadora de xentes,
para impor unha crenza, sinalando ocamiño
que por riba dos tempos leva ó triunfo diviño.
35

Ergueito como o pino que outas nubes fende,
os brazos sarmentosos o bardo ós ceos tende,
e escóitase na noite solene resoar
a súa voz bruante, sonora como o mar:
40 Baixo a dozura do ceo
da nobre Galicia irmán,
onde pola nosa gloria
inda doirando o fogar
vive o aceso o lume sagro
45 dos cracos días do clan,
hai unha illa encantada
de rochedos de coral,
esmeralda verdegaia
ó resplandor do luar,
50 bicada de manseliñas

ágoas de limpo cristal
nas que as sirenas ensaian
sue namorante cantar
mentras os pinos lanzales
5 escoitan voces liviáns
que chegan esmorecidas
do misterio de alén-mar.

Amada dos vellos dioses,
10 mortos e esquecidos xa,
que Sálvora lle chamaron
afeitos a atopar
repouso doce e tranquíu
de celestiaes afáns,
15 inda está tendida a escada
que baixa do ceo ó chan,
envolveita e recuberta
de bretemoso cendal
feito de rendas garnidas
20 por diviños teceláns.

Nunha furna que galgantes
zarran as ondas ddo mar,
apreixada nas firentes
25 poutas dun aguia reial,
gardada por un dragón
de alento que é solimán,
brilada a fúlxada espada
Escalibor, o trunfal
30 aceiro da heroica idade
cantada por Osián,
que ten dee ser sobre terra
ergueita en céltigas mans,
símbolo, florón e escudo
35 da Cruz, do Amor e a Paz.